De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.

## **2.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO "SERVIZO DE CONTROL DE PRAGAS URBANAS NO CONCELLO DE RIVEIRA (DESRATIZACIÓN, DESINFECCIÓN E DESINSECTACIÓN)".**

Visto o expediente que se tramita para contratar o servizo de "Control de pragas urbanas no concello de Riveira (desratización, desinfección e desinsectación)", cun orzamento total ANUAL por contrata de 10.500,00 euros





(valor estimado ANUAL do contrato: 8.677,69 euros; IVE 21%: 1.822,31 euros), cun prazo de duración de 2 anos, prorrogable con carácter anual e ata un máximo de 2 prórrogas.


O Prego de condicións técnicas redactado polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio Luis Fernández Veiga na data 19/02/2016, o Prego de cláusulas administrativas particulares, o expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, e o correspondente gasto con cargo a aplicación orzamentaria 311 22799, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 03/03/2016.


A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 48, da data 11/03/2016, e no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), da mesma data.

A esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

8. "Oficina de Tratamiento de Plagas, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 21/03/2016 co número 2.979.
9. "Industria de la Salud Ferrol, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 22/03/2016 co número 2.997.
10. "Agronerga, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 22/03/2016 co número 3.016.
11. "Plagal Control de Plagas, S.L.U." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 22/03/2016 co número 3.022.
12. "Sanambi Control de Plagas, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/03/2016 co número 3.049.
13. "A&A Consultoría, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 22/03/2016 co número 3.044 (o sobre A de documentación administrativa e o sobre C de oferta económica) e na data 23/03/2016 co número 3.130 (o sobre B de referencias técnicas).
14. "Cosaplag, S.L.U." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/03/2016 co número 3.083.
15. "Bioambiental Control Sanitario de Alimentos, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/03/2016 co número 3.115.
16. "Sanal Control Medioambiental, S.A." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 28/03/2016 co número 3.191.
17. "Limpergal, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 28/03/2016 co número 3.211.
18. "Herbín Control de Plagas y Áreas Verdes, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 28/03/2016 co número 3.212.
19. "Lacera Servicios y Mantenimiento, S.A." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/03/2016 co número 3.280.

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa), das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 01/04/2016, na que acordou declarar admitidas a esta licitación ás doce empresas





presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.


O acto público de apertura dos sobres "B" de criterios subxectivos avaliábeis mediante xuízos de valor (referencias técnicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 11/04/2016, na que se acordou dar traslado da documentación técnica contida nos mencionados sobres "B" ós servizos técnicos municipais para que emitisen o informe debidamente motivado respecto dos criterios de valoración que figuran no Anexo II (1ª fase) do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente.

Con data 03/06/2016 o técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga emitiu o informe solicitado pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 11/04/2016, co detalle de proposta de puntuación que se recolle no mesmo.

Á vista do citado informe e de acordo coa proposta formulada no mesmo a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 08/06/2016, acordou:

- Outorgar as puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación, pola documentación técnica incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres "B" de criterios subxectivos avaliábeis mediante xuízos de valor:

Licitador	Grao de definición e alcance do protocolo de tratamento/actuación	Cronograma de traballo	Disposición, procedemento de actuación e tempo de resposta ante situacións de aparición de pragas ou situacións graves que poidan xerar riscos para a saúde pública	Metodoloxía proposta para a realización da auditoría técnica	Total Puntos
BIOAMBIENTAL, S.L.	7,50	3,75	3,75	2,50	17,50
LIMPERGAL, S.L.	5,00	2,50	3,75	5,00	16,25
SANAL-CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A.	5,00	2,50	2,50	3,75	13,75
LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.	5,00	2,50	3,75	2,50	13,75
PLAGAL CONTROL DE PLAGAS, S.L.U.	7,50	1,25	2,50	2,50	13,75
HERBÍN CONTROL DE PLAGAS Y	7,50	2,50	2,50	1,25	13,75



ÁREAS VERDES, S.L.					
INDUSTRIA DE LA SALUD DE FERROL, S.L.	5,00	1,25	2,50	3,75	12,50
SANAMBI CONTROL DE PRAGAS, S.L.	2,50	3,75	2,50	2,50	11,25
AGRONERGA, S.L.	5,00	1,25	2,50	1,25	10,00
A&A CONSULTORÍA, S.L.	5,00	1,25	2,50	1,25	10,00
COSAPLAG, S.L.U.	5,00	1,25	2,50	0,00	8,75
OFICINA DE TRATAMIENTO DE PLAGAS, S.L.	2,50	1,25	2,50	0,00	6,25


Acto seguido, e xa en acto público, a Mesa de Contratación fixo público o resultado anteriormente detallado, procedendo a continuación á apertura dos sobres "C" de criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas, dando o resultado seguinte:


Licitador	Oferta económica			Puntuación
	Valor estimado	IVE 21%	Prezo total	
"Oficina de Tratamiento de Plagas, S.L."	5.995,00 €	1.258,95 €	7.253,95 €	41,62
"Industria de la Salud Ferrol, S.L."	5.743,00 €	1.206,03 €	6.949,03 €	43,44
"Agronergera, S.L."	4.990,00 €	1.047,90 €	6.037,90 €	50,00
"Plagal Control de Plagas, S.L.U."	5.950,00 €	1.249,50 €	7.199,50 €	41,93
"Sanambi Control de Plagas, S.L."	7.920,00 €	1.663,20 €	9.583,20 €	31,50
"A&A Consultoría, S.L."	6.982,70 €	1.466,37 €	8.449,07 €	35,73
"Cosaplag, S.L.U."	5.370,00 €	1.127,70 €	6.497,70 €	46,46
"Bioambiental Control Sanitario de Alimentos, S.L."	7.740,00 €	1.625,40 €	9.365,40 €	32,24
"Sanal Control Medioambiental, S.A."	6.765,00 €	1.420,65 €	8.185,65 €	36,88
"Limpergal, S.L."	5.900,00 €	1.239,00 €	7.139,00 €	42,29
"Herbín Control de Plagas y Áreas Verdes, S.L."	6.822,00 €	1.432,62 €	8.254,62 €	36,57
"Lacera Servicios y Mantenimiento, S.A."	7.185,70 €	1.509,00 €	8.694,70 €	34,72

Vistos os antecedentes expostos, así como a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa mencionada reunión da data 08/06/2016.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten





CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego


delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO.**- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación do servizo do “CONTROL DE PRAGAS URBANAS NO CONCELLO DE RIVEIRA (DESRATIZACIÓN, DESINFECCIÓN E DESINSECTACIÓN)”**, do seguinte xeito:

Orden	Licitador	Puntuación		
		Sobres B	Sobres C	TOTAL
1	“Agronerga, S.L.”.	10,00	50,00	60,00
2	“Limpergal, S.L.”.	16,25	42,29	58,54
3	“Industria de la Salud Ferrol, S.L.”	12,50	43,44	55,94
4	“Plagal Control de Plagas, S.L.U.”.	13,75	41,93	55,68
5	“Cosaplag, S.L.U.”.	8,75	46,46	55,21
6	“Sanal Control Medioambiental, S.A.”.	13,75	36,88	50,63
7	“Herbín Control de Plagas y Áreas Verdes, S.L.”.	13,75	36,57	50,32
8	“Bioambiental Control Sanitario de Alimentos, S.L.”.	17,50	32,24	49,74
9	“Lacera Servicios y Mantenimiento, S.A.”	13,75	34,72	48,47
10	“Oficina de Tratamiento de Plagas, S.L.”	6,25	41,62	47,87
11	“A&A Consultoría, S.L.”	10,00	35,73	45,73
12	“Sanambi Control de Plagas, S.L.”.	11,25	31,50	42,75

**SEGUNDO.**- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir a “AGRONERGA, S.L.”, que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación xustificativa das manifestacións que se fixeron constar na declaración responsable incluída no sobre “A” da súa oferta, que se indica na cláusula 15.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de







Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.

**3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE "SINALIZACIÓN HORIZONTAL DE VIAIS E ESPAZOS PÚBLICOS DO MUNICIPIO DE RIVEIRA".**


Tendo en conta a necesidade de manter as condicións de seguridade viaria en camiños e demais espazos públicos, dotándoos de novos elementos de sinalización debido á súa inexistencia en diferentes puntos ou á necesidade de substitución dos existentes por estar en estado deficiente, a enxeñeira municipal redactou un Prego de condicións técnicas e administrativas para executas as obras de "Sinalización horizontal de viais e espazos públicos do municipio de Riveira", cun orzamento total de 60.137,00 euros (valor estimado do contrato: 49.700,00 euros; IVE 21%: 10.437 euros) e un prazo de execución de 3 meses.

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Prego de condicións técnicas e administrativas particulares redactado pola enxeñeira municipal na data 03/06/2016.
- Proposta de contratación, na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 03/06/2016, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- Documento contable "RC" expedido polo interventor accidental na data 07/06/2016 (número de operación 2016 22008360), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.21001.

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de





14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

*"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.*

*2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existi-lo correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."*

Tendo en conta que, non obstante o anterior, considérase oportuno neste expediente que para a contratación das obras se anuncie a licitación no Perfil do Contratante do Concello.

Vistos os artigos 109, 110, 111, 114, 115 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o Prego de condicións técnicas e administrativas particulares redactado pola enxeñeira municipal na data 03/06/2016, para rexe-la contratación das obras de "Sinalización horizontal de viais e espazos públicos do municipio de Riveira", cun orzamento total de 60.137,00 euros (valor estimado do contrato: 49.700,00 euros; IVE 21%: 10.437 euros) e un prazo de execución de 3 meses.

**SEGUNDO.-** Aprobar o expediente de contratación, como contrato menor.

**TERCEIRO.-** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.21001.

**CUARTO.-** Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación cun único criterio de adxudicación (prezo máis baixo).

**QUINTO.-** Anunciar a licitación no Perfil do Contratante do Concello.





#### IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 27 de maio de 2016 **“Decreto: Bases para a elaboración dunha listaxe para a cobertura temporal de 35 prazas de socorristas acuáticos para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Concello de Riveira durante o verán do ano 2016”**.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 27 de maio de 2016 **“Decreto: Bases para a contratación laboral temporal de vinte peóns de limpeza de praias durante a tempada do verán do ano 2016”**.

3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 27 de maio de 2016 **“Decreto: Bases da convocatoria do proceso de selección para a contratación laboral temporal de 3 xefes de praia para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Concello de Riveira durante a tempada do verán 2016”**.

4.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 31 de maio de 2016 **“Decreto: Aprobación das bases para a contratación laboral temporal de cinco (5) peóns para a brigada de mantemento, mellora e limpeza de vías e áreas verdes municipais a xornada parcial (75% da xornada)”**.


6.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 31 de maio de 2016 **“Decreto: Bases da convocatoria do proceso de selección para a contratación laboral temporal de 15 socorristas acuáticos para a prestación do servizo denominado “Servizo de socorristas de praias”, no verán 2016 no marco da Orde do 29/12/2015 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego”**.


7.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 1 de xuño de 2016 **“Decreto: Aprobación de relación de propostas de gastos”**, que a continuación se transcribe:

**“DECRETO.- APROBACIÓN DE PROPOSTA DE GASTOS**

**ANTECEDENTES**

*Vista a relación de propostas nº 2016-00018, que ascende a 7.798,11 €:*





#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Considerando que a competencia orixinaria para a aprobación desta proposta corresponde a esta alcaldía, en base ao previsto na disposición adicional 2ª da Lei 30/07, de 30 de novembro, polo que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público (se ben atópanse delegadas na Xunta de Goberno Local, en virtude do decreto de 01.07.15).

2. Considerando que as propostas presentadas son constitutivas de contrato menor, de acordo co previsto nos artigos 95 e 122.3 da Lei 30/07, estando por tanto exenta de fiscalización previa, segundo dispón o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser por tanto obxecto dunha fiscalización plena posterior co fin de verificar que se axustan ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao do cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

3. Vistas as atribucións conferidas polo artigo 185 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Esta alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Autorizar e comprometer os gastos de referencia segundo a relación de propostas anteriormente 2016-00018 polo importe de 7.798,11 €.

Segundo.- De acordo co disposto no artigo 14 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, AVOCAR a competencia para a aprobación do acordo sinalado no punto anterior, delegada pola alcaldía na xunta de goberno local en virtude do previsto na base de execución do orzamento municipal nº 13. Desta avocación darase conta á xunta de goberno local na vindeira sesión a celebrar por este órgano.

Esta avocación ven motivada pola necesidade de comezar a prestación do servizo de xeito inmediato.

Terceiro.- Requerir a incorporación ó expediente da factura correspondente unha vez que teñen sido efectuadas as correspondentes prestacións, que deberá reunir os requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e se modifica o Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido.

Cuarto.- Da presente resolución darase conta ó Pleno do Concello, na vindeira sesión ordinaria que este órgano realice, dando cumprimento así ó previsto no artigo 140.4, en relación co 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e rexime xurídico das entidades locais."



#### V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación



#### VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **CONSERVAS CERQUEIRA, S.A.**, de datas 11/12/2015 e 10/03/2016 (Rexistros de entrada nº 12.684 e 2.326), nos que solicita licenza de obras para para substitución de cuberta de edificación existente destinada a nave de fábrica de conservas, sita na Rúa Manzanares nº 31, Riveira en parcela con refª catastral nº 1013603NH0111S0001ME.


A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 17/05/2016, así como a autorización emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural asinado polo Director Xeral de Patrimonio Cultural Manuel Varela Rey e pola Secretaria da Comisión Rosario Fernández-Albalat Ruiz, rexistrado de entrada no Concello na data 30.5.16, (Rexistro de entrada nº 6.454), Rexistro de Saída da Xunta de Galicia de data 26.5.16, (Saída 65337 / Rx 730845), e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 01/06/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**


**Primeiro.- CONCEDER** á entidade **CONSERVAS CERQUEIRA, S.A.** a **LICENZA DE OBRA (Nº 37/16)** para **SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA** de edificación existente destinada a nave de fábrica de conservas, sita na Rúa Manzanares nº 31, Riveira en parcela con refª catastral nº 1013603NH0111S0001ME, nos termos do Proxecto Básico e de Execución de novembro de 2015 e Anexo ao Proxecto Básico e de Execución de novembro de 2015 redactado polos arquitectos Miguel A. Abad Blanco & Antonio Deus Álvarez:

- *Deberá cumprimentar o disposto pola pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural debendo coidar o encontro dos paneis da cuberta cos muros testeiros de xeito que non se modifique a percepción actual das fachadas.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio Dirección de obra, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficiais correspondentes.*

**Segundo.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:


- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30*






centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".





- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Terceiro.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


**Cuarto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


**Quinto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Sétimo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





2.- Visto o escrito presentado por Andrés Fernández Fuentes, en representación de **Estrella Sobrido Regueira e Juan Antonio López Fernández**, de data 29/03/2016 (Rexistro de entrada nº 3.227), no que achega Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 24.11.15 redactado por Juan Antonio Millán Figueirido así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 28.4.16 e Oficio de Execución Material visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, para engadir a expediente de licenza de obras nº 82/15.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 30/05/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 02/06/2016, por unanimidade dos presentes,  
**ACORDA:**

**PRESTAR CONFORMIDADE** a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 82/15 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 29 de outubro de 2015 a Estrella Sobrido Regueira e Juan Antonio López Fernández, consistente en Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 24.11.15 redactado por Juan Antonio Millán Figueirido, así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 28.4.16 e Oficio de Execución Material visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.

#### VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación







#### XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### XII.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por **Esperanza Abraldes Regueira**, de data 31/05/2016 (Rexistro de entrada nº 6.507), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible sito en Rúa Montevixán, nº 34 – Carreira.

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 03/06/2016 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Conceder** a **Esperanza Abraldes Regueira** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza e reforzo con liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible sito en Rúa Montevixán, nº 34 – Carreira.


- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

#### XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución do **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Ad Sec. 3 003 – A Coruña**, de data 31/05/2016, polo que se procede á rectificación de erro material referida ás cantidades de indemnización da sentenza nº 326/2016 do mesmo tribunal, de data 20/04/2016, polo que se estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo (Procedemento Ordinario 7655/2012) presentado polo contrario contra a desestimación presunta de reclamación por responsabilidade patrimonial de data 31/10/2011, declarando a responsabilidade patrimonial do Concello de Riveira polos danos e prexuízos derivados desta reclamación, e condenado a este concello a que indemnice aos actores na contía proporcional que resulten do explicado no fundamento de dereito cuarto.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local da sesión celebrada en data 05/05/2016.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** incorporar a citada rectificación ao expediente en, así mesmo:





- a) Que se proceda á execución da sentenza nº 326/2016 emitida polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Ad Sec. 003 – A Coruña, na data 20/04/2016, así como resolución de data 31/05/2016 de rectificación de erro material.
- b) Dar traslado da dita sentenza ás entidades **Mapfre Seguros de Empresas**, para que proceda ao abono da indemnización aos actores, na contía proporcional estipulada polo fundamento de dereito cuarto da citada sentenza, nun total de **202.965,45 €**, cos xuros legais que puideran devengarse; e a **Artai Consultoría de Seguros** para o coñecemento da mesma e aos efectos oportunos.

#### SOLICITUDES DE SUBVENCÍONS.

1.- Vista a proposta presentada polo **Alcalde, Manuel Ruiz Rivas**, de data 08/06/2016, en relación á Resolución do 10 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, en réxime de concorrecia competitiva, de subvencións para a creación e mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética na administración local, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 (DOG núm. 93, do 18/05/2016).

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**


Primeiro.- Solicitar ao Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), ao amparo da orde citada anteriormente, unha subvención para o “Proxecto para a mellora da eficiencia enerxética da instalación de alumeadado do Centro Deportivo da Fieiteira”

O orzamento total deste proxecto ascende á cantidade de: 46.035,29 € (IVE engadido)

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos esixidos na convocatoria.

2.- Vista a proposta presentada polo **Alcalde, Manuel Ruiz Rivas**, de data 08/06/2016, en relación á Resolución do 10 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, en réxime de concorrecia competitiva, de subvencións para a creación e mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética na administración local, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de





CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 (DOG núm. 93, do 18/05/2016).

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar ao Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), ao amparo da orde citada anteriormente, unha subvención para o “Proxecto para a mellora da eficiencia enerxética da instalación de alumeado no Centro de Raqueta de Riveira”

O orzamento total deste proxecto ascende á cantidade de: 20.452, 82 € (IVE engadido)

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos esixidos na convocatoria.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

O Alcalde en funcións

**Manuel Emilio Pérez Outeiral**  
(Decreto 08/06/2016)

Riveira, 9 de xuño de 2016

Dou fe, o secretario xeral

**Juan Manuel Salguero del Valle**